



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Socioloxía da educación	Código	615G01210	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Carames Balo, Rosa Elena	Correo electrónico	rosa.carames@udc.es	
Profesorado	Carames Balo, Rosa Elena	Correo electrónico	rosa.carames@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A asignatura de Socioloxía da Educación trata sobre do estudo, dende a perspectiva e os coñecementos da Socioloxía, do feito social da educación. Polo tanto, resulta ser un estudio sistemático das relacións entre as sociedades e os seus diversos colectivos e individuos e os feitos educativos diferenciais (ou non) conforme as diferentes culturas e as súas transformacións. A educación non pode estudiarse como un feito social illado, por iso é preciso abordar a súa comprensión dun xeito holístico sen esquecer os vencellamentos entre os niveis macro e micro sociolóxicos. A Socioloxía é a ciencia que estudia os feitos sociais aplicando métodos empíricos e o razonamento inductivo e deductivo. Posto que a educación é un fenómeno social que está imbricado na estrutura da sociedade, resulta fundamental aproximarse ó seu estudio dende unha comprehensividade sociolóxica. De tal xeito que a educación forma parte dun macrosistema social e cultural maior que fai que se atope condicionada por diferentes factores sociais, tales como a estratificación social, a desigualdade social, os ideais pedagóxicos, as políticas educativas, etc. Para coñecer e analizar en profundidade estes feitos sociais, durante o desenvolvemento da asignatura, formarase ó alumnado nos paradigmas teóricos da socioloxía clásica vencellados coa educación formal e tamén con contextos/articulacións non formais ou explícitas; analizarase o papel da escola como axente socializador e o nexo relacional entre a economía, a estratificación social e a educación, a construción social das diferencias sexuais; a diversidade étnica e a escola; etc. Ademais, cómo é o desenvolvemento dos proxectos de investigación a través da simulación e o ensaio de principais técnicas de investigación social, prioritariamente cualitativas (enquisa, entrevista en profundidade, observación participante, grupo de discusión, etc.) aínda que tamén con sinxelas exploracións cuantitativas.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento das principais teorizacións sociolóxicas, conceptos y xeneralizacións sobre da sociedade humán e os seus procesos educativos, dos compoñentes básicos das desigualdades sociais e as diferencias culturais e de educación, das transformacións e evolución das sociedades contemporáneas, sobre das teorizacións sobre o poder, a lexitimidade e o Estado. Comprensión da organización política da especie humán, da súa evolución mediante diferentes organizacións do parentesco, familia e o hábitat dende unha perspectiva sociohistórica, dende as sociedades preindustriales ata as actuais. Aproximación ós costes e beneficios ecolóxicos e sociais das nosas costumes. Comprensión da variedade de estudantes e da complexidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.	A1 A8 A9 A10 A12 A33	B20	



Capacidades para tomar e elaborar apuntes propios a partir das explicacións nas aulas e do material das lecturas a empregar para a súa correcta elaboración. Capacidade para traballar con documentos orixinais de información e o seu tratamento e elaboración dunha información propia, baseada nos propios datos acadados, enfocándose á búsqueda propia de datos ou información para encamiñar os traballos individualmente e en equipo que teñan por obxecto detectar posibles poboacións obxecto de integración, de intervencións principalmente educativas para paliar ou recuperar a súa vulnerabilidade económica, política, social, ecolóxica, de desigualdade, violencia, etc. Aquisición de habilidades para a xestión de recursos humanos e organizacións e para traballar en equipo, en grupo, tanto dentro como fora da aula.	A8 A9 A19 A20 A21 A23 A25 A29 A31 A32 A33	B5 B10 B12 B13 B24 B27	C1
Manter unha actitude crítica, constructiva e dialóxica fronte as doutrinas e prácticas sociais, así como, actitudes de compromiso ante problemas sociais e culturais atendendo especialmente ás desigualdades de xénero respecto da educación, a violencia e tamén do respecto á ecoloxía e o medio ambiente. Manter unha actividade de traballo colaborativo, en equipo, flexible e saber adaptarse as diferentes situacións intentando superar obstáculos a través do respecto e valoración da creatividade na construción científica. Desenvolverse no exercicio dunha cidadanía aberta, flexible, culta, crítica, comprometida e democrática, solidaria. Ser capaz de atender, entender e escoitar/observar, de analizar a realidade, facer diagnósticos dalgúns problemas e propoñer solucións baseadas no coñecemento e no ben común.	A35 A36	B5 B12 B13 B16 B18 B19 B25	C4 C6 C7 C8
Respetar e disfrutar das aportacións positivas, así como ser capaz de superar os inconvenientes, dos traballos realizados en grupo a través tamén das aprendizaxes colaborativas como adquisición elemental dunha ética dialóxica que sexa capaz de manter o longo do tempo a argumentación das evidencias para defender unha actitude de crítica responsable profesional e persoal.	A34 A35		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Orixes da Socioloxía da Educación.	1. O ser humano como animal simbólico. Impacto das condicións sociais e modificación das condicións biolóxicas. 2. A educación como un asunto de Estado: Antecedentes remotos na Grecia clásica.
Tema 2. As liñas maestras da Socioloxía da Educación.	1. Durkheim: o proceso de socialización e o sistema educativo como subsistema social. 2. Marx: As relacións humanas materiais e a estrutura clasista e a súa relación coa educación. 3. Weber: As relacións humanas inmateriais e a dominación clasista e as organizacións educativas.
Tema 3. Os neoclásicos da Socioloxía da Educación.	1. Veblen (neoweberiano) 2. Gramsci (neomarxista) 3. Mannheim (intelectuais, coñecemento e ideoloxía) 4. Parsons (estructural-funcionalista)



<p>Tema 4. A Socioloxía da Educación Contemporánea.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os distintos obxectos de estudo da Socioloxía da Educación. A educación/socialización formal e non formal ou informal 2. Os tres tipos de socialización e os distintos axentes de socialización. 3. O xénero e a educación. 4. As NTICs e a educación. 5. As familias e a educación. 6. A cultura e o coñecemento e a educación. 7. A violencia e a educación. 8. O mercado laboral e a educación. 9. A globalización e o mercado educativo. 10. Ecoloxía, medio ambiente e a educación. 11. Relixión e educación. 12. Políticas educativas e as distintas etapas da Teoría do capital humán.
<p>Tema 5. A Socioloxía da Educación en España e en Galicia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Análisis sociohistórico da Socioloxía da Educación. La ASE. 2. Análisis sociohistórico da Socioloxía da Educación en Galicia. Xesús Cambre Mariño.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A19 A23 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B25 B27 C8	3	4	7
Traballos tutelados	A1 A8 A9 A21 A23 A25 A29 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B27 C1 C4 C8	6	54	60
Sesión maxistral	A8 A9 A10 A12 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B24 B25 B27	20	0	20
Obradoiro	A8 C6 C7 C8	3	12	15



Aprendizaxe colaborativa	A21 A23 A25 A29 A32 A33 A34 A35 B5 B10 B12 B13 B18 B19 B24 B27 C4 C7 C8	6	20	26
Saídas de campo	A20 A19 B5 B10 B12 B16 B18 B19 B24 B27 C4	2	2	4
Recensión bibliográfica	A8 A9 A10 A12 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B18 B19 B24 B25 C8	1	10	11
Presentación oral	A1 A8 A9 A10 A12 A20 A21 A23 A25 A29 A33 A34 A36	4	0	4
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar, vinculados ó programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. Tamén se explicará dun xeito xeral as tarefas que terá que desenvolver ó alumnado para desenvolver a guía da materia así como o procedemento de avaliación. Por iso é de importancia máxima a participación presencial do alumnado nestas actividades.
Traballos tutelados	Traballos "tutelados" pola profesora. Proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que a profesora propón situacións ó alumnado, que requiren por parte deste identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado. A execución destas prácticas de investigación no eido da Socioloxía da Educación, levaranse a cabo mesmo a través de traballos de aprendizaxe colaborativa ou de aprendizaxe servizo. Poderán ser citados para revisarlo o contido dalgunha destas actividades, cando se considere oportuno para a súa mellora e calificación, segundo os criterios da profesora.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introducción dalgunhas preguntas dirixidas ó estudantado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar as aprendizaxes dos contidos da asignatura a través do estudio da bibliografía e a confección de apuntes propios polo alumnado.
Obradoiro	Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións onde interveñen as diferenzas e que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersonais, o comportamento, os valores e as actitudes. Nos obradoiros traballaranse calqueira tipo de aspectos relacionados có desenvolvemento das distintas aplicacións teóricas da materia que o precisen.
Aprendizaxe colaborativa	Participación, organización e colaboración de principio a fin dunha labor dirixida e "tutelada" pola profesora que deberá ser presentada a través do material debidamente ordenado e elaborado por un grupo ou equipo de traballo conformado por estudantes da materia que previamente optasen por esta fórmula de avaliación, para logo ser avaliados a través da proba oral. As aprendizaxes colaborativas axudan a darlle significación á educación e serven para experimentar académicamente o significado sociolóxico do proceso de cambio socioformativo que se está a desenvolver na actualidade.
Saídas de campo	Obtención de datos a través da aplicación dalgunha ferramenta de investigación, preferentemente cualitativa se que complementará con exploracións simuladas de matices cuantitativos.



<p>Recensión bibliográfica</p>	<p>O alumnado deberá presentar por escrito unha recensión e análise de lecturas seleccionadas de entre os textos indicados pola profesora da asignatura. Poderán ser citados para revisarlo contido de estas recensións, si o considera oportuno para a súa mellora e calificación, segundo os criterios da profesora. A súa avaliación será comprensiva evitando a fragmentación e favorecerá o traballo feito en grupo e a súa presentación conxunta así como a elaboración creativa. Logo a actividade do grupo de traballo continuará ó longo dos traballos "tutelados" pola profesora para poder ser avaliados mediante unha avaliación continua.</p> <p>A presentación das recensións é unha actividade obligatoria para todo o alumnado. Aqueles outros alumnos que prefiran presentarse ó examen tamén deberán presentar esta recensión conxunta na data fixada pola profesora e logo poderanse presentar á proba mixta de examen.</p>
<p>Presentación oral</p>	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de exposición oral apoiándose en documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introducción xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Presentación oral Obradoiro Traballos tutelados</p>	<p>Será obrigatorio para todo o alumnado a entrega dunha ficha con foto actualizada cos datos de cada alumno/a á profesora.</p> <p>Execución de prácticas de investigación e intervención ou APS (sí é o caso) no eido da Socioloxía da Educación.</p> <p>Exposición en contextos equivalentes ó da vida real para a resolución de diferentes obxectos de estudo da asignatura. Serviralle de fase de aprendizaxe para que logo poidan extrapolar os coñecementos e habilidades adquiridas cando teñan que facer as saídas de campo.</p> <p>Nos obradoiros traballaranse calqueira tipo de aspectos relacionados co desenvolvemento das distintas aplicacións teóricas da materia que o precisen.</p> <p>Terase en conta a asistencia e participación do alumnado nas diferentes actividades da asignatura, de xeito moi especial, todas aquelas que conleven a responsabilidade de acadar obxectivos grupais, para o ben común que formará parte da avaliación final de cada persoa. Neste senso, aconséllase ó alumnado acudir as titorías ou propiciar consultas coa profesora da asignatura para resolver calqueira dúbida.</p> <p>*Os criterios e a planificación desta guía docente son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado e segundo o criterio da profesora poderán ser obxecto dalgunha adaptación para superar casuística específica e debidamente xustificadas do alumnado. Todo isto deberá ser debidamente informado e xustificado á profesora no horario de titorías fixado para ser tratadas as excepcións á norma e explorar e poder entón decidir as posibles adaptacións ou non das casuísticas irregulares.</p> <p>A presentación oral consistirá en exposicións e intercambio informativo por parte do alumnado para dar conta das súas aprendizaxes e competencias respecto da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Presentación oral	A1 A8 A9 A10 A12 A20 A21 A23 A25 A29 A33 A34 A36	Fomenta a capacidade de explicación de argumentación persoal e grupal e o descubrimento da potencialidade do intercambio e transmisión da información a nivel oral ou conversas reflexivas dos distintos temas estudados e experienciados.	20
Obradoiro	A8 C6 C7 C8	O traballo realizado sobre a búsqueda e estudio de distintas realidades sociais no marco da socioloxía da educación é de suma importancia para un bon manexo, adaptación e aplicación dos feitos socioeducativos.	5
Traballos tutelados	A1 A8 A9 A21 A23 A25 A29 A31 A32 A33 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B27 C1 C4 C8	A través destes traballos, debidamente presentados, organizados nun cartafol, e en formato dixital tamén, serven para avaliar e considerar tanto os coñecementos como as habilidades adquiridas durante o curso e as distintas actividades realizadas, como o esforzo, a dedicación e o traballo de colaboración personal e grupal levado a cabo de xeito continuado de cada unha das persoas dos grupos.	25
Aprendizaxe colaborativa	A21 A23 A25 A29 A32 A33 A34 A35 B5 B10 B12 B13 B18 B19 B24 B27 C4 C7 C8	A aprendizaxe colaborativa exige responsabilidade persoal e social, sirve para incrementar as aprendizaxes teórico experienciais e activar mecanismos de comportamento en favor da colectividade e dun bo clima social.	20
Recensión bibliográfica	A8 A9 A10 A12 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B18 B19 B24 B25 C8	O valor das lecturas reflexionadas e enriquecidas pola propia experiencia vivida persoalmente e tamén das demais persoas axuda a fomentar a creatividade nas posibles solucións ás ?problemáticas? que suscita. Ademais serve para a construción de valores positivos en prol da colectividade cando e fruto dunha reflexión dialóxica. Polo tanto estas lecturas terán que ser relacionadas co resto das actividades prácticas realizadas durante o curso, polo que a súa valoración levarase a cabo tamén a través das transferencias de coñecemento realizada e a súa avaliación darase tamén a través das outras actividades dun xeito paulatino e continuado de aprendizaxes significativas dunha avaliación continua, guiada e presencial.	25
Actividades iniciais	A19 A23 A34 A35 A36 B5 B10 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B25 B27 C8	Para a comprensión de todo o procedemento de ensinanza-aprendizaxe da asignatura. As tarefas a realizar, a súa secuenciación aproximada das diversas actividades de formación continua e a súa avaliación. A participación nestas actividades será avaliada a través das aprendizaxes significativas dunha avaliación continua, guiada e presencial.	5

Observacións avaliación



Será obrigatorio para todo o alumnado a entrega dunha ficha con foto actualizada cos datos de cada alumno/a á profesora.

A Proba mixta de exámen (valorada sobre 5 puntos como máximo) será realizada polo alumnado que non opte por obter unha calificación mediante o proceso de avaliación continua da elaboración e entrega de traballos prácticos tutelados nas datas fixadas pola profesora. No obstante, para poder presentarse ó exámen será obligatoria a presentación do traballo de Recensión Bibliográfica da bibliografía obligatoria traballada no seu conxunto para estes casos (este traballo de recensión será valorado sobre 2,5 puntos) e ter unha asistencia asidua (do 90%) ás clases da asignatura.

Na nota final, terase en conta a asistencia e participación positiva do alumnado nas diferentes actividades da asignatura, de xeito moi especial, todas aquelas que conleven a responsabilidade de acadar obxectivos grupais, para o ben común que formará parte da avaliación final de cada persoa.

*Os criterios e a planificación desta guía docente son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado e segundo o criterio da profesora poderán ser obxecto dalgunha adaptación para superar casuística específica e debidamente xustificadas do alumnado. Todo isto deberá ser debidamente informado e xustificado á profesora no horario de titorías fixado para ser tratadas as excepcións á norma e explorar e poder entón decidir as posibles adaptacións ou non das casuísticas irregulares.

Fontes de información



Bibliografía básica

- GUERRERO SERÓN, ANTONIO (2002). Manual de sociología de la educación. Madrid, Tecnos
- (). .
- LECTURAS OBLIGATORIAS PARA REALIZALA RECENSIÓN: Álvarez-Sotomayor, Alberto y Martínez-Cousinou, Gloria (2016). El Informe Coleman a Debate en su Cincuenta Aniversario. RISE, International Journal of Sociology of Education, 5(2), 87-106. Amorós Ponte, Celia (1985). Hacia una crítica de la razón patriarcal. Antropos, Barcelona. Durkheim, Emile (1992, 2ª edic. castell.). La evolución pedagógica en Francia. Madrid, La Piqueta. Gil Calvo, Enrique (1993). La estrategia progenitora. En Luis Garrido Medina y Enrique Gil Calvo: Estrategias familiares, Alianza Editorial, Madrid. Giroux, H.A. (2012). The Post-9/11 Militarización of Higher Education and the Popular Culture of Depravity: Threats to the Future of American Democracy. International Journal of Sociology of Education, RISE, 1, feb. 2012. Sánchez de Madariaga, Elena (2012). Las Maestras de la República. Madrid, Los Libros de la Catarata. Zerzan, John (2016). El crepúsculo de las máquinas. La Catarata, Madrid. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA DO TEMA 1: Almeida Nesi, Julio (1995). Sociología de la Educación. Notas para un curso. Barcelona, Ariel. Escotado, Antonio (1988). Filosofía y Metodología de las Ciencias. Madrid, UNED, pp. 21-44. Sabine, George H. (1990, 19ª impr.). Historia de la Teoría Política. Madrid, Fondo de Cultura Económica, pp. 15-110. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA DO TEMA 2: Cabrera Montoya, Blas (1986). Limitaciones del análisis de Marx sobre la legislación fabril en El Capital. Revista de Educación, nº 281, pp. 213-224. Castaño, Gonzalo (2000). Educación y formas de dominación en Max Weber. Revista Colombiana de Educación: Textos Clásicos, pp. 77-100. Durkheim, Emile (1975). Educación y Sociología. Barcelona, Editorial Fontanella. Guerrero Serón, Antonio (1996). Manual de Sociología de la Educación. Madrid, Editorial Síntesis, pp. 15-32. Zerzan, John (2016). El crepúsculo de las máquinas. La Catarata, Madrid. BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA PARA O TEMA 3: Fernández Buey, Francisco (2012). Leyendo a Gramsci. El Viejo Topo, España. Mannheim, Karl (1993). Ideología y Utopía. Introducción a la sociología del conocimiento. Fondo de Cultura Económica, México. Morgenstern, Sara (1991). Antonio Gramsci: hegemonía y educación. En Gómez de Castro et al., Socialismo y Sistemas Educativos, pp. 154-184. Parsons, Talcot (1990). El aula como microsistema social. Sus funciones en la sociedad americana. Educación y Sociedad, nº 6, pp. 163-186. Sacristán, Manuel (2016). Antología. Antonio Gramsci. Para la reforma moral e intelectual. La Catarata, Madrid. Veblen, Thorstein Bunde (1944/2010 1ª edic. electr.). Teoría de la clase ociosa. México, FCE. BIBLIOGRAFÍA PARA LOS TEMAS 4 Y 5: SELECCIÓN DE MANUAIS, CAPÍTULO DE LIBROS, OU ARTIGOS PARA OBTEN UN;EIXO DE REFERENCIA TEÓRICO. UN PUNTO DE PARTIDA PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS PRÁCTICOS. TAMÉN BASES DE DATOS E INFORMES. Caramés Balo, Rosa (2016). Lección práctica de sociología da educación con enfoque ecofeminista: O significado da estofa lúdica infantoxuvenil, (en prensa) Fernández Palomares, Francisco (coord.). Sociología de la Educación. Madrid, Pearson Prentice-Hall. Flecha, Ramón; Gómez, Jesús y Puigvert, Lidia (2009). Teoría sociológica contemporánea. Barcelona, Paidós. Moncada, Alberto (1989). Cien años de educación en España. En Félix Ortega et al. (comp.), Manual de Sociología de la Educación. Madrid, Visor. Taberner Guasp, José (2012). Familia y Educación. Madrid, Tecnos. Bibliografía complementaria para orientar máis centradamente os correspondientes traballos de aprendizaxe colaborativo. A restante bibliografía que se precise deberá ser buscada e xestionada polo alumnado. - Adorno, Theodor W. La Personalidad Autoritaria. Revista Empiria. Documento electrónico. - Alonso, L.E., Martín Criado, E. y Moreno Pestaña, J.L. (Eds.) (2004). Pierre Bourdieu: Las Herramientas del Sociólogo. Madrid, Editorial Fundamentos. - Alonso, L.E., Fdez. R. Rodríguez, C.J. y Nyssen, J.M. (2009). El Debate sobre las Competencias. Una investigación Cualitativa en torno a la Educación superior y Calidad y Acreditación, 158 pp. Documento electrónico de la ANECA, Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad. - Apple, Michael (1987). Resistencia y contradicciones en las clases, la cultura y el Estado: La cultura vivida II. En Educación y Poder, cap. 4. Madrid, Paidós-MEC, pp. 105-132. - Berger, Peter y Luckman, Thomas (1995). La construcción social de la realidad. Buenos Aires, Amorrortu. - Bernstein, Basil (1985). Clase social, lenguaje y socialización. Educación y Sociedad, nº 4, pp. 129-168. - Bourdieu, Pierre (1985). ¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos. Madrid, Ediciones Akal, S.A. - Bourdieu, Pierre (1988). La Distinción. Madrid, Taurus. - Caramés Balo, Rosa (2001). Causas del "core of burnout" del profesorado universitario. Libro de actas del VII Congreso Español de Sociología. Salamanca. Documento electrónico. - Caramés Balo, Rosa (2014). Sociología da educación e ecofeminismos: docencia e investigación. Actas del II Xornadas Interuniversitarias de Xénero. Ferrol, xullo, 2014. - Caramés Balo, Rosa (2015). Ecofeminismo urbán na educación de intelectuais de proximidade. En González Penín, A.J. López Díaz y E. Aguado Lorenzo, editoras: Trazos de xénero no século XXI, pp. 89-98. http://publicacions.uvigo.es/publicacións_gl/ - Collins,



Randall (1989). La sociedad credencialista. Madrid, Akal.- Díez Rdguez., Ángeles (2003). Ciudadanía Cibernética. La Nueva Utopía Tecnológica de la Democracia. En M.L. Morán y J. Benedicto (Eds.): Aprendiendo a ser Ciudadanos. Experiencias Sociales y Construcción de la Ciudadanía entre los Jóvenes, pp. 193-217. Madrid, INJUVE, Instituto de la Juventud.- Duarte, Carlos M. (2011). Cambio climático. Madrid, Los Libros de la Catarata. (Debates científicos del CSIC, Catálogo General de publicaciones Oficiales). Documento electrónico.- Echeverría, Javier (2004, 2ª edic.). Los Señores del aire: Telépolis y el Tercer Entorno. Barcelona, Destino.-Fdez. Enguita, Mariano (2008). ¿Fronteras en las aulas?: contacto transcultural y endogamia en las interacciones del alumnado. Revista de Educación, nº 345.

Monografía: De Inmigrantes a Minorías: temas y problemas de la multiculturalidad.- Finkel, L. (1995). Braverman y el análisis del proceso de trabajo y su descualificación. En La Organización Social del Trabajo, Año 6, nº 11, pp. 117-148.- Fischer-Kowalski, Marina (2002). El metabolismo de la sociedad: sobre la infancia y adolescencia de una naciente estrella conceptual. En Michael Redclift y Graham Woodgate: Sociología del Medio Ambiente. Una perspectiva internacional. Madrid, McGrawHill.- Fromm, Erik, Horkheimer, M. y Parsons, Talcot (1976). La Familia y el autoritarismo. Barcelona, Península.- Fundación 1º de Mayo (2009). La Situación de las y los Jóvenes en España: más Vulnerables ante la Crisis. Fundación 1º de Mayo, Estudios de la Fundación, nº 11, 65pp. Documento electrónico.- Lomas, C. (2007). ¿La escuela es un infierno?: Violencia escolar y construcción cultural de la masculinidad. Revista de Educación, nº 342.- Morgenstern, Sara (1995). El reparto del trabajo y el reparto de la educación. En VVAA: Volver a pensar la educación. Madrid, Morata, pp. 329-341.- Mulet Trobat, Bartomeu (Coord.) (2003). Globalització i Ciències Socials. Limits i Dilemes. Palma de Mallorca, Editorial A Taula, 5, Univ. Illes Balears.- Mulet Trobat, Bartomeu y Caramés Baló, Rosa (2005). Situación actual de la Sociología de la Educación en España. Una interpretación para su futuro: La senda de la ASE. Témpora, 8, pp. 137-155.- Redclift, Michael y Woodgate, Graham (2002). Sostenibilidad y construcción social. En Michael Redclift y Graham Woodgate: Sociología del Medio Ambiente. Una Perspectiva Internacional. Madrid, McGrawHill.- Segalen, Martine (1992). Antropología histórica de la familia. Madrid, Taurus.-Subirats Martorell, Marina (2002). Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta. En A. González et al. (coord.): Educar para la igualdad, educar desde la diferencia. Barcelona, Graó.- Tanguy, L. (2001). De la evaluación de los Puestos de Trabajo a las de las Cualidades de los Trabajadores. En E. Garza Toledo y J.C. Neffa (Eds.): El Trabajo del Futuro y el Futuro del Trabajo. Buenos Aires, Amorrortu, pp. 111-128.- Terrén Lalana, Eduardo y Fdez. Enguita, Mariano (2008). De inmigrantes a minorías: temas y problemas de multiculturalidad (presentación). Revista de Educación, nº 345. Monografía: De inmigrantes a minorías: temas y problemas de la multiculturalidad.- Whitty, G. Power, S. y Halpin, D. (1999). Los gestores escolares, el Estado y el mercado. En La escuela, el Estado y el mercado, cap. 4. Madrid, Morata, pp. 71-85.

PÁXINAS DE BASES DE DATOS DE DIVERSOS ORGANISMOS: CIS, CIDE, MEC, COLEITIVOS OIÉ, ASE, AMSE, DIALNET, GOOGLE SCHOLAR,...

Fernández, F. (2003): Sociología de la Educación, Madrid, Pearson Educación

Fernández, M et al (2008): ¿Fronteras en las aulas?: contacto transcultural y endogamia en las interacciones del alumnado?, en Revista de Educación, no. 345, Dedicado a: De inmigrantes a minorías: temas y problemas de la multiculturalidad Año: 2008, Número: 345

Gil, F. (1994): Teoría sociológica de la educación. Amarú Editores. Lomas, C. (2007): ¿La escuela es un infierno?: violencia escolar y construcción cultural de la masculinidad?, en Revista de Educación, nº. 342.

Maciones, J. y K. Plummer (1999) Sociología, Madrid, Prentice Hall.

Ritzer, G. (1993): Teoría sociológica clásica. McGraw-Hill Interamericana de España

Subirats, M. (2002): ¿Rosa y azul: la transmisión de los géneros en la escuela mixta?, en González, A. et al (coord.): Educar para la igualdad, educar desde la diferencia, Barcelona, Graó.

Taberner, J. (1998): Teoría sociológica y educación. Universidad de Córdoba.

Terrén, E., Fernández, M. (2008): ¿De inmigrantes a minorías: temas y problemas de multiculturalidad (presentación)?, en Revista de Educación, no. 345, Dedicado a: De inmigrantes a minorías: temas y problemas de la multiculturalidad Año: 2008, Número: 345

Valles, M. (1997): Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional, Madrid: Síntesis.

st1:*(behavior:url(#ieouui) }



Bibliografía complementaria - (). .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Será obrigatorio para todo o alumnado a entrega dunha ficha con foto actualizada cos datos de cada alumno/a á profesora.

A Proba mixta de exámen (valorada sobre 5 puntos como máximo) será realizada polo alumnado que non opte por obter unha calificación mediante o proceso de avaliación continua da elaboración e entrega de traballos prácticos tutelados nas datas fixadas pola profesora. No obstante, para poder presentarse ó exámen será obligatoria a presentación do traballo de Recensión Bibliográfica da bibliografía obligatoria traballada no seu conxunto para estes casos (este traballo de recensión será valorado sobre 2,5 puntos) e ter unha asistencia asidua (do 90%) ás clases da asignatura.

Na nota final, terase en conta a asistencia e participación positiva do alumnado nas diferentes actividades da asignatura, de xeito moi especial, todas aquelas que conleven a responsabilidade de acadar obxectivos grupais, para o ben común que formará parte da avaliación final de cada persoa.

*Os criterios e a planificación desta guía docente son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado e segundo o criterio da profesora poderán ser obxecto dalgunha adaptación para superar casuística específica e debidamente xustificadas do alumnado. Todo isto deberá ser debidamente informado e xustificado á profesora no horario de titorías fixado para ser tratadas as excepcións á norma e explorar e poder entón decidir as posibles adaptacións ou non das casuísticas irregulares.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías